

lución do 1 de setembro de 2008 no DOG nº 190, do 1 de outubro. O prazo para a interposición do dito recurso é dun mes contado a partir do día seguinte ao desta publicación.

Transcorrido o dito prazo, a resolución sancionadora devirá firme e executiva e poderá facerse efectiva en período voluntario o importe da sanción, dentro do prazo establecido no artigo 62 da Lei 58/2003, do 12 de decembro, xeral tributaria (BOE nº 302, do 18 de decembro), mediante ingreso en calquera oficina das entidades de depósito colaboradoras (*Banco Gallego, Banco Pastor, Banesto, BBVA, BHS, Caixa Galicia e Caixanova*), empregando o modelo impreso que se facilitará nos servizos centrais de Portos de Galicia.

De non efectuarse o ingreso no dito prazo, procederase á súa exacción por vía executiva.

E para que conste e lles sirva de notificación, en cumprimento do disposto no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2010.

José Ignacio Villar García
Director de Portos de Galicia

ANEXO

Expediente Matrícula Denunciante	Denunciado Último enderezo coñecido	Feito denunciado Data-hora-porto	Precepto infrinxido	Precepto sancionador	Sanción proposta
Sanc. 13-17-10-50 7602-CZL Celador do porto	Gregorio Parcerio Boubeta Fontañá, 26 36940 Pedreira-Coiro (Pontevedra)	Estacionamento prohibido 17-8-2009 10.05 horas Bueu (Pontevedra)	Art. 114.1º a) Lei 27/1992 Arts. 17 e 64 O.M. 12-6-1976	Art. 120 Lei 27/1992	90,15 €

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 18 de outubro de 2010, da Dirección de Recursos Económicos, pola que se fai pública a adxudicación do contrato de subministración para a adquisición de equipamento para quirófanos con destino ao novo hospital de Lugo AB-SER2-10-007.

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Servizo Galego de Saúde.
 - b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Económicos.
 - c) Número de expediente: AB-SER2-10-007.
- ### 2. Obxecto do contrato.
- a) Tipo de contrato: subministración.

b) Descrición do obxecto: adquisición de equipamento para quirófanos.

c) Lotes: 3.

d) Boletín ou diario oficial e data de publicación do anuncio de licitación: DOUE 2010/S 59-087748, do 25 de marzo de 2010; BOE número 81, do 3 de abril de 2010; DOG número 67, do 12 de abril de 2010.

3. Tramitación e procedemento de adxudicación.

- a) Tramitación: urxente.
- b) Procedemento: aberto multicriterio.

4. Orzamento base de licitación:

Orzamento sen IVE: 1.936.528,81 €.

Orzamento con IVE: 2.072.085,83 €.

Lote nº	Descrición	Importe total sen IVE
1	Mesas cirúrxicas	813.073,00
2	Endocirurxía	794.016,56
3	Lámparas cirúrxicas	329.439,25

5. Adxudicación:

Lote 1: deserto.

Lote 2: deserto.

- a) Data: 14 de setembro de 2010.
- b) Contratista: *Palex Medical, S.A.*
- c) Nacionalidade: española.
- d) Importe de adxudicación lote: 3.

Importe total sen IVE	IVE	Importe total con IVE
318.500	25.480	343.980

Importe total sen IVE: 318.500 €.

IVE: 25.480 €.

Importe total con IVE: 343.980 €.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2010.

P.D. (Decreto 311/2009, Orde 15-6-2009)
Pablo Torres Arrojo
Director de Recursos Económicos

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 14 de outubro de 2010 pola que se fan públicas as adxudicacións definitivas dos expedientes de contratación que se citan.

Entidade adxudicadora:

- a) Organismo: Universidade da Coruña.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica-Sección de Contratación.

c) Enderezo da internet do perfil do contratante: <http://www.udc.es/contratacionadministrativa>.

Número de expediente: 2010/4003.

Obxecto do contrato:

a) Tipo: servizo.

b) Descrición: realización dun estudo sobre áreas mariñas protexidas no ámbito xeográfico do Arco Atlántico.

c) CPV (referencia de nomenclatura): 7300000-4.

d) Medio de publicación do anuncio de licitación: *Diario Oficial de Galicia*.

e) Data de publicación do anuncio de licitación: 5 de maio de 2010.

Tramitación e procedemento:

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

Orzamento base de licitación: importe neto: 99.267,24 euros. IVE (%) 15.882,76 euros. Importe total: 115.150,00 euros.

Adxudicación:

a) Data: 6 de outubro de 2010.

b) Contratista: *KV Consultores de Ingeniería, Proyectos y Obras, S.L.*

c) Importe de adxudicación: importe neto: 94.303,88 euros. IVE (%) 16.974,69 euros. Importe total: 111.278,57 euros.

A Coruña, 14 de outubro de 2010.

María Jesús Grela Barreiro
Xerente da Universidade de Vigo

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE CASTRO DE REI

Edicto.

Juan Carlos Otero Castro solicita desta Alcaldía, en representación de *Fontixón, S.A.T.* nº 996 XUGA,

licenza municipal para o proxecto de locais de muxidura, cortes de vacún de leite, silos forraxeiros e fosa de xurro, na parroquia de Ramil, do concello de Castro de Rei.

Cumprindo co disposto no artigo 8 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no cal se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública por un prazo de vinte (20) días hábiles, co fin de que durante este período -que comezará a contarse desde o día seguinte ao da última publicación deste edicto no BOP e no *Diario Oficial de Galicia*- poidan examinar o expediente, na Secretaría deste concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Castro de Rei, 4 de novembro de 2010.

Juan José Díaz Valiño
Alcalde

CONCELLO DE CORISTANCO

Anuncio de corrección de erros.

Detectado un erro nas bases reguladoras da convocatoria para a provisión de dúas prazas de operarios de servizos múltiples, dáse publicidade á corrección de erros publicada no BOP da Coruña do 24 de setembro de 2010.

Coristanco, 24 de setembro de 2010.

Antonio Pensado Plágaro
Alcalde

CONCELLO DE CULLEREDO

Edicto.

Logística y Distribución J.L. Pantoja, S.L.U. solicitou unha licenza municipal para abrir un almacén de mobles e obxectos de regalo na rúa Recreativa Ledoñesa, número 9-11 da parroquia de Ledoño. O expediente sométese á información pública durante un prazo de 20 días, segundo o que se establece o artigo 8.3º do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, co fin de que os afectados pola actividade que se pretende instalar poidan examinalo na Secretaría do concello e formular por escrito as reclamacións ou observacións que consideren oportunas.

Culleredo, 30 de setembro de 2010.

P.D. (Resolución 2-7-2007,
BOP nº 176, do 1 de agosto)
Ricardo Seoane Candamio
Concelleiro de Urbanismo